

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 14 DE XUÑO DE 2023

SEÑORES/A ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCIONS:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS/A EN FUNCIONS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

Dona María D. Simón Valladares

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a catorce de xuño de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as dez horas vinte minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

Celébrase a presente sesión aos únicos efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 36 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

ÚNICO.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 7 de xuño de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as dez horas vinte e cinco minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións,
(*sinatura dixital*)